




ANTONIO Palacios : sueños de modernidade : compromiso con Galicia = sueños de modernidad : compromiso con Galicia / [comisario y editor científico: Jesús Ángel Sánchez García ; coordinación: Marta Lucio, Aroa Rodríguez y Vicente Caramés ; fotografías: Ricardo Grobas]. -- Vigo : Fundación Museo do Mar de Galicia, 2020

382 p. : il., fot. col. y n., plan., alz., secc. ; 24 cm.

Texto en gallego y castellano

Bibliografía: p. 370-380


D.L. VG. 502-2020

ISBN 978-84-09-25134-6

1. Palacios, Antonio 2. Galicia 3. Madrid 4. Arquitectura industrial 5. Catálogos 6. Crítica arquitectónica 7. Exposiciones de arquitectura 8. Proyectos arquitectónicos 9. Urbanismo I. Caramés, Vicente II. Grobas, Ricardo III. Lucio, Marta IV. Rodríguez, Aroa V. Sánchez García, Jesús Ángel VI. Fundación Museo do Mar de Galicia

11.12 Monografías

COAM 21339



ANTONIO PALACIOS

SOÑOS DE MODERNIDADE.
COMPROMISO CON GALICIA

XUNTA DE GALICIA

ANTONIO PALACIOS

SOÑOS DE MODERNIDADE. COMPROMISO CON GALICIA

**SUEÑOS DE MODERNIDAD.
COMPROMISO CON GALICIA**

Museo do Mar de Galicia
2020, Vigo

XUNTA DE GALICIA



Índice

009	Presentación
011	Presentación Román Rodríguez González
013	Antonio Palacios. Soños de modernidade. Compromiso con Galicia
017	Antonio Palacios. Sueños de modernidad. Compromiso con Galicia Jesús Ángel Sánchez García
022	Antonio Palacios: a mirada á cultura, á arte e ás tradicións construtivas galegas
051	Antonio Palacios: la mirada a la cultura, al arte y a las tradiciones constructivas gallegas José Ramón Iglesias Veiga
072	Imaxes e soños: a arquitectura galega de Antonio Palacios
101	Imágenes y sueños: la arquitectura gallega de Antonio Palacios Alfredo Vigo Trasancos
120	A obra de Antonio Palacios en Madrid
132	La obra de Antonio Palacios en Madrid Jacobo Armero Chauton
140	A arquitectura industrial de Antonio palacios
177	La arquitectura industrial de Antonio Palacios Álvaro Bonet López
200	Cerámica monumental para unha arquitectura monumental
219	Cerámica monumental para una arquitectura monumental Antonio Perla de las Parras
232	Antonio Palacios e o proxecto dos Peinador en Mondariz
263	Antonio Palacios y el proyecto de los Peinador en Mondariz Yolanda Pérez Sánchez
284	As concepcións urbanísticas de Antonio Palacios. Influencias e modelos para o Plan de Vigo e outras propostas en Galicia
308	Las concepciones urbanísticas de Antonio Palacios. Influencias y modelos para el Plan de Vigo y otras propuestas en Galicia Jesús Ángel Sánchez García
324	A arquitectura despois de Palacios, de Madrid a Galicia: leccións, afinidades e persistencias
351	La arquitectura después de Palacios, de Madrid a Galicia: lecciones, afinidades y persistencias Santiago Rodríguez-Caramés
370	Bibliografía
381	Agradecementos

Presentación

Un recoñecido arquitecto, un urbanista de referencia e un dos nomes que conformaron o panorama cultural galego de principios do século xx. Falar de Antonio Palacios é referirnos a unha figura imprescindible, un galego que nunca deixou de exercer como tal e que levou o nome de Galicia por boa parte da península a través de espazos icónicos coa súa personalidade inconfundible, como o Círculo de Bellas Artes, a sede do Instituto Cervantes e o actual Concello de Madrid ou a ponte de María Cristina en San Sebastián.

Podemos afirmar abertamente que, aínda que unha parte importante da súa obra se materializou en Madrid, Palacios nunca afastou a súa ollada de Galicia. Ao contrario, sempre tivo presente ou seu Porriño natal, que acolle parte da súa obra, e sobre todo a cidade de Vigo, unha urbe que leva a marca do arquitecto tanto no seu desenvolvemento urbano como noutros inmobles de gran simbolismo sen os que sería imposible concibir a cidade, como ocorre co teatro García Barbón, a Fonte do Cristo ou o Edificio Banca Viñas-Aranda, aínda que na nosa comunidade hai outras mostras do seu talento, como o Templo Votivo do Mar en Panxón (Nigrán) ou a Igrexa da Vera Cruz no Carballiño.

Precisamente, este volume, editado pola Xunta de Galicia, reúne un compendio de estudos sobre a figura de Palacios que permite realizar un achegamento ás distintas etapas e facetas artísticas do arquitecto. É o caso da súa pegada na cidade de Madrid, a relevancia da súa obra industrial ou a enorme influencia que a tradición e a cultura galega tiveron no seu extenso legado. Diferentes facianas dun artista completo como Palacios que recollen neste volume unha ampla escolma de investigadores e que tamén quedarán plasmadas nunha exposición centrada na súa figura no Museo do Mar de Galicia.

Desde o Goberno galego cremos fundamental apoiar tanto esta publicación como todo tipo de accións que sirvan para difundir e compilar a herdanza artística, arquitectónica e urbanística de Antonio Palacios. Un home que sempre tivo presentes as súas raíces e cuxa produción arquitectónica é, sen dúbida, sinónimo de Galicia.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Presentación

Un reconocido arquitecto, un urbanista de referencia y uno de los nombres que conformaron el panorama cultural gallego de principios del siglo xx. Hablar de Antonio Palacios es referirnos a una figura imprescindible, un gallego que nunca dejó de ejercer como tal y que llevó el nombre de Galicia por gran parte de la península a través de espacios icónicos con su personalidad inconfundible, como el Círculo de Bellas Artes, la sede del Instituto Cervantes y el actual Ayuntamiento de Madrid o el puente de María Cristina en San Sebastián.

Podemos afirmar abiertamente que, aunque una parte importante de su obra se materializó en Madrid, Palacios nunca alejó su mirada de Galicia. Al contrario, siempre tuvo presente su Porriño natal, que acoge parte de su obra, y sobre todo la ciudad de Vigo, una urbe que lleva la marca del arquitecto tanto en su desarrollo urbano como en otros inmuebles de gran simbolismo sin los que sería imposible concebir la ciudad, como ocurre con el teatro García Barbón, la Fuente del Cristo o el Edificio Banca Viñas-Aranda, aunque en nuestra comunidad hay otras muestras de su talento, como el Templo Votivo del Mar en Panxón (Nigrán) o la Iglesia de la Vera Cruz en O Carballiño.

Precisamente, este volumen, editado por la Xunta de Galicia, reúne un compendio de estudios sobre la figura de Palacios que permite realizar una aproximación a las distintas etapas y facetas artísticas del arquitecto. Es el caso de su huella en la ciudad de Madrid, la relevancia de su obra industrial o la enorme influencia que la tradición y la cultura gallega tuvieron en su extenso legado. Diferentes caras de un artista completo como Palacios que recogen en este volumen un amplio grupo de investigadores y que también quedarán plasmadas en una exposición centrada en su figura en el Museo do Mar de Galicia.

Desde el Gobierno gallego creemos fundamental apoyar tanto esta publicación como todo tipo de acciones que sirvan para difundir y recopilar la herencia artística, arquitectónica y urbanística de Antonio Palacios. Un hombre que siempre tuvo presentes sus raíces y cuya producción arquitectónica es, sin duda, sinónimo de Galicia.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación y Universidade



Antonio Palacios. Soños de modernidade. Compromiso con Galicia

Non debería pasar desapercibido que hai case vinte anos, recentemente estreado o século XXI, entre novembro de 2001 e xaneiro de 2002, Madrid acolleu a última exposición dedicada ao arquitecto Antonio Palacios Ramilo. Aloxada na súa versión inicial na sede do Círculo de Bellas Artes —un dos edificios máis emblemáticos á hora de encarnar a impetuosa maneira de concibir a arquitectura polo seu autor, pero tamén unha das mellores mostras da gran renovación experimentada pola capital a comezos do novecentos—, a montaxe preparada para aquela grande exposición serviu posteriormente para itinerar os seus contidos por Vigo e A Coruña desde xaneiro a xullo de 2002. E, o que é máis importante, grazas a unha ardua tarefa de documentación e ás numerosas pezas reunidas para unha iniciativa con pretensión de antolóxica, quedaron fixadas as bases para a nova lectura e reconsideración da figura de Palacios, cuxa influencia aínda se estende ata hoxe.

Tomando como referencia aquela experiencia comisariada por Jacobo Armero Chauton e Gonzalo Armero Alcántara, desde Galicia promóvese agora a presentación doutra exposición que sirva de pretexto para revisar as contribucións máis relevantes que nos deixou a obra de Antonio Palacios, como un legado que, por suposto, debe abranguer desde Madrid á súa Galicia natal. Trátase dun necesario estado da cuestión, conectado con recentes achados documentais, pero tamén un novo intento para achegar luz sobre facetas menos coñecidas da súa produción e que agora cobran relevo. Sen pretender unha visión exhaustiva como a exposta en 2001, parece oportuno enfocar a arquitectura de Antonio Palacios desde dous ideais, auténticas obsesións que animaron a súa andaina vital e actividade: a implicación en diferentes frontes da modernización e o compromiso coas raíces e manifestacións culturais de Galicia.

Recoñecido por diferentes estudosos como a figura de maior interese na arquitectura española dos primeiros anos do século XX —Carlos Flores, Fernando Chueca Goitia, Adolfo González Amezcua, entre outros—, non debería pórse en cuestión que Antonio Palacios foi un arquitecto intensamente comprometido co progreso da sociedade do seu tempo. No contexto dunha España conmocionada tras o Desastre de 1898, Palacios soñou edificios que ante todo fosen funcionais, pero que ademais estaban destinados a marcar por medio das súas formas e volumes un novo pulso vital, unha ambición de crear fitos que reanimasen as forzas latentes da nación, o que é evidente tanto en sedes para os novos medios de co-

municación —Palacio de Correos y Telégrafos en Cibeles— como en institucións asistenciais —Hospital de Jornaleros, Sanatorio de la Fuenfría—, pasando por inmobles comerciais e bancarios —Casa Palazuelo, Casa Matesanz, Banco Español del Río de la Plata—.

Se non deixa de causar asombro a enerxía e acertos despregados nesta variedade mostra de tipoloxías, ás cales aínda cabería sumar destacados recintos para o lecer e a cultura —Fonte da Gándara, Hotel-Sanatorio e A Baranda en Mondariz, Teatro García Barbón, Círculo de Bellas Artes—, non é menos destacable que Palacios se implicase paralelamente en obras de infraestruturas, naves industriais e centrais de aproveitamento eléctrico —Ponte da Princesa, Talleres Grasset, fábrica química GEINCO, fábrica da Unión Española de Explosivos, Talleres do I.C.A.I., central de Mengibar—, ata formar un conxunto de proxectos utilitarios que foron o preámbulo a outra dedicación distintiva dun arquitecto inmerso na modernidade grazas ás súas solucións para os accesos ás primeiras estacións e obras complementarias á rede de Metro. O Metro, os funiculares, os tranvías, os ferrocarrís, os autocares, os transatlánticos ou os avións cóntanse entre os medios de transporte sobre os que Palacios traballou ou foron obxecto do seu interese, tanto desde a escala da arquitectura como da planificación urbana. Acaso non son suficientes argumentos para trazar o perfil dun arquitecto moderno, non só confiado senón entusiasmado co progreso?

Os adiantos que se establecían grazas ás grandes obras e renovación urbana de Madrid darían paso ao progreso e modernidade posibles na Galicia daqueles mesmos anos de comezos do século xx. Cun punto de arranque nas primeiras encargos para a súa vila natal do Porriño —Fonte do Cristo, Fundación Escuelas Fernández Areal—, as melloras para converter Mondariz nunha vila termal de referencia, o Teatro García Barbón, a Central do Tambre, ou os primeiros estudos para planificar o desenvolvemento urbano de Vigo, multiplicaron as ocasións de contacto de Palacios con Galicia e as oportunidades para que a súa incansable e creativa mente non cesase de crear novos proxectos. As dinámicas sociais e económicas dunha terra cun dominante peso da poboación asentada en zonas rurais e, sobre todo, a riqueza dun patrimonio arquitectónico acumulado durante séculos, en que o traballo da pedra se revelaba como modelo de sinceridade e expresividade, non podían ser ignoradas pola sensibilidade artística de Antonio Palacios. Así, nos mesmos anos en que se alzaban as moles de dous dos seus edificios de inspiración e intención máis cosmopolitas, o Teatro García Barbón e o Círculo de Bellas Artes, non debe estrañar que Palacios volvea a súa mirada á historia e temas vernáculos para comezar a explorar un novo camiño, agora o dunhas arquitecturas enraizadas na tradición e as constantes construtivas e estéticas de Galicia —dolmens e mámoas, templos románicos, fachadas barrocas..., a pedra, sempre a pedra—, que axiña verían sucederse novos prodixios, desde o Concello do Porriño ao Templo da Veracruz do Carballiño, pasando pola Virxe da Rocha de Baiona ou o Templo Votivo de Panxón. Palacios foi así pioneiro en rescatar temas e tipoloxías nas cales interpretaba con orixinalidade a esencia da arquitectura galega na súa evolución

histórica, singularmente elementos da esplendorosa arte medieval, para construír unha identidade estética concordante coas recuperacións e reivindicacións que coetaneamente promovían iniciativas culturais como As Irmandades da Fala.

Unha traxectoria que podería resumirse no punto de partida en Galicia, o éxito e recoñecementos gañados en Madrid, así como o cada vez máis desexado retorno a Galicia, é a mesma que intentan reflectir os textos reunidos nesta publicación, apoiada nos novos documentos e bibliografía sobre Palacios xerados nos últimos anos. As iniciativas e repercusións de quen, máis aló da súa tarefa como arquitecto, foi unha figura clave no panorama cultural de Galicia nas primeiras décadas do século xx son abordadas por José Ramón Iglesias Veiga, sen dúbida o mellor coñecedor de toda a produción de intencións e matices rexionalistas, quen en 2019 abriu novas perspectivas para as relacións coa arquitectura e referencias vernáculos grazas a dúas publicacións que se viñeron sumar á súa ampla lista de investigacións: *Arquitectura rexionalista galega* e *Antonio Palacios: unha viaxe por Galicia*. As dúas almas de Palacios, a clásica e a barroca, conxúganse noutra análise preñada de suxestivas interpretacións, esta vez a cargo de Alfredo Vigo Trasancos, destacando aquelas obras máis singulares, os fitos que verdadeiramente resumen as variadas fontes de inspiración, poéticas formais e imaxinativas solucións concebidas polo arquitecto. A continuación, como apertura do bloque de capítulos centrados nas obras madrileñas, Jacobo Armero revisa a pegada dos grandes edificios ideados para unha capital en efervescencia, o marco idóneo para que o mozo e ambicioso Palacios afirmase as súas conviccións sobre a implantación e protagonismo urbano dos edificios que debían pregoar os inaprazables avances cara á modernidade. Esa mesma modernidade preside o traballo máis oculto, agora por fin desvelado, nas obras para talleres industriais e fábricas que integran a nova achega de Álvaro Bonet, encaixando os datos e claves que retratan o Palacios máis innovador en relación cos avances técnicos, sempre co pano de fondo da súa coñecida implicación no desenvolvemento do Metro de Madrid. En aparente contrapunto, o interese pola calidade artística nos acabados, co protagonismo das pezas cerámicas, un medio artesan e tradicional ao servizo dos obxectivos de introducir luz, cor e reflexos nos seus espazos e volumes, abórdanse na contribución de Antonio Perla de las Parras, que enlaza a monumentalidade arquitectónica coa paixón polas artes decorativas como outras dúas constantes omnipresentes na obra de Palacios.

Todas estas dimensións, as que apontoan a consideración de Antonio Palacios como un arquitecto xenial, que soubo conciliar vangarda e tradición como referentes non antitéticos, senón complementarios, segundo o exemplo de respecto a unhas raíces culturais presente noutros pioneiros na arquitectura moderna do século xx —Otto Wagner, Hendrik Berlage, Peter Behrens, Eliel Saarinen, Frank Lloyd Wright, Auguste Perret—, conducen nos textos finais ás últimas reflexións sobre o interese e legado da súa arquitectura. Os parámetros máis cosmopolitas reaparecen no conxunto de edificios proxectados para a vila termal de Mondariz, presididos por un acusado interese e implicación na promoción dun turismo de

calidade, pero sen esquecer o papel de Palacios nas actividades culturais promovidas polo activo Enrique Peinador, tal como se analiza no capítulo asinado por Yolanda Pérez Sánchez. Afondando na orixe das ideas urbanísticas orquestradas para afrontar o plan de ensanche e reforma interior de Vigo, a análise de Jesús Ángel Sánchez García evidencia o enorme peso dos modelos do urbanismo *Beaux-Arts* triunfantes nos concursos internacionais da fin e cambio de século, unidos a ideas procedentes do século XIX pero de completa vixencia a comezos do XX, como a zonificación ou as pautas de hixiene e equilibrio coa natureza da Cidade-Xardín. Finalmente, este conxunto de novas visións péchase cun repaso á fortuna historiográfica de Antonio Palacios, incidindo nos discursos sobre a expresividade dos materiais, sobre todo a pedra, pero tamén as leccións sobre a grande escala ou as solucións tipolóxicas que deixaron maior pegada nos arquitectos coetáneos e das décadas posteriores, como expón Santiago Rodríguez Caramés.

Coa capacidade de integrar contradicións que só é posible atopar noutras grandes figuras da cultura, este retrato coral debuxa a poderosa figura de Antonio Palacios como un inquedo innovador que, cumprido certo tempo vital, xa na súa madurez, decidiu non seguir o camiño das vangardas máis radicais, pero si deixar un legado que ollase cara ao futuro grazas a unhas bases sólidas e fortemente ancoradas na tradición. Ese legado é a arquitectura que nos fala, que nos conmove, que busca provocar respostas no espectador, calquera resposta menos a indiferenza. A obra dun creador versátil e imaxinativo que escapa —ségueno a facer— a toda etiqueta que lle queiramos asignar, agás aquelas con que se abre este texto: soños, modernidade, compromiso e, ante todo, Galicia.

Jesús Ángel Sánchez García

Antonio Palacios. Sueños de modernidad. Compromiso con Galicia

No debería pasar desapercibido que hace casi veinte años, recién estrenado el siglo XXI, entre noviembre de 2001 y enero de 2002, Madrid acogió la última exposición dedicada al arquitecto Antonio Palacios Ramilo. Alojada en su versión inicial en la sede del Círculo de Bellas Artes —uno de los edificios más emblemáticos a la hora de encarnar la impetuosa manera de concebir la arquitectura por su autor, pero también una de las mejores muestras de la gran renovación experimentada por la capital a comienzos del novecientos—, el montaje preparado para aquella gran exposición sirvió posteriormente para itinerar sus contenidos por Vigo y A Coruña desde enero a julio de 2002. Y, lo que es más importante, gracias a una ardua tarea de documentación y a las numerosas piezas reunidas para una iniciativa con pretensión de antológica, quedaron fijadas las bases para la nueva lectura y reconsideración de la figura de Palacios, cuya influencia todavía se extiende hasta hoy.


Tomando como referencia aquella experiencia comisariada por Jacobo Armero Chauton y Gonzalo Armero Alcántara, desde Galicia se promueve ahora la presentación de otra exposición que sirva de pretexto para revisar las aportaciones más relevantes que nos dejó la obra de Antonio Palacios, como un legado que, por supuesto, debe abarcar desde Madrid a su Galicia natal. Se trata de un necesario estado de la cuestión, conectado con recientes hallazgos documentales, pero también un nuevo intento para arrojar luz sobre facetas menos conocidas de su producción y que ahora cobran relieve. Sin pretender una visión exhaustiva como la planteada en 2001, parece oportuno enfocar la arquitectura de Antonio Palacios desde dos ideales, auténticas obsesiones que animaron su trayectoria vital y actividad: la implicación en diferentes frentes de la modernización y el compromiso con las raíces y manifestaciones culturales de Galicia.

Reconocido por diferentes estudiosos como la figura de mayor interés en la arquitectura española de los primeros años del siglo XX —Carlos Flores, Fer-

nando Chueca Goitia, Adolfo González Amezqueta, entre otros—, no debería ponerse en cuestión que Antonio Palacios fue un arquitecto intensamente comprometido con el progreso de la sociedad de su tiempo. En el contexto de una España conmocionada tras el Desastre de 1898, Palacios soñó edificios que ante todo fueran funcionales, pero que además estaban destinados a marcar por medio de sus formas y volúmenes un nuevo pulso vital, una ambición de crear hitos que reanimaran las fuerzas latentes de la nación, lo que es evidente tanto en sedes para los nuevos medios de comunicación —Palacio de Correos y Telégrafos en Cibeles— como en instituciones asistenciales —Hospital de Jornaleros, Sanatorio de la Fuenfría—, pasando por inmuebles comerciales y bancarios —Casa Palazuelo, Casa Matesanz, Banco Español del Río de la Plata—.

Si no deja de causar asombro la energía y aciertos desplegados en esta variada muestra de tipologías, a las que todavía cabría sumar destacados recintos para el ocio y la cultura —Fuente de A Gándara, Hotel-Sanatorio y La Baranda en Mondariz, Teatro García Barbón, Círculo de Bellas Artes—, no es menos llamativo que Palacios se implicara paralelamente en obras de infraestructuras, naves industriales y centrales de aprovechamiento eléctrico —Puente de la Princesa, Talleres Grasset, fábrica química GEINCO, fábrica de la Unión Española de Explosivos, Talleres del I.C.A.I., central de Mengíbar—, hasta formar un conjunto de proyectos utilitarios que fueron el preámbulo a otra dedicación distintiva de un arquitecto inmerso en la modernidad gracias a sus soluciones para los accesos a las primeras estaciones y obras complementarias a la red de Metro. El Metro, los funiculares, los tranvías, los ferrocarriles, los autocares, los trasatlánticos o los aviones se cuentan entre los medios de transporte sobre los que Palacios trabajó o fueron objeto de su interés, tanto desde la escala de la arquitectura como de la planificación urbana. ¿Acaso no son suficientes argumentos para trazar el perfil de un arquitecto moderno, no solo confiado sino entusiasmado con el progreso?

Los adelantos que se establecían gracias a las grandes obras y renovación urbana de Madrid darían paso al progreso y modernidad posibles en la Galicia de aquellos mismos años de comienzos del siglo XX. Con un punto de arranque en los primeros encargos para su villa natal de O Porriño —Fuente del Cristo, Fundación Escuelas Fernández Areal—, las mejoras para convertir Mondariz en una villa termal de referencia, el Teatro García Barbón, la Central del Tambre, o los primeros estudios para planificar el desarrollo urba-



Templo de Panxón visto desde el arco visigótico
/ Ricardo Grobas

no de Vigo, multiplicaron las ocasiones de contacto de Palacios con Galicia y las oportunidades para que su incansable y creativa mente no cesara de alumbrar nuevos proyectos. Las dinámicas sociales y económicas de una tierra con un dominante peso de la población asentada en zonas rurales y, sobre todo, la riqueza de un patrimonio arquitectónico acumulado durante siglos, en el que el trabajo de la piedra se revelaba como modelo de sinceridad y expresividad, no podían ser ignoradas por la sensibilidad artística de Antonio Palacios. Así, en los mismos años en que se alzaban las moles de dos de sus edificios de inspiración e intención más cosmopolitas, el Teatro García Barbón y el Círculo de Bellas Artes, no debe extrañar que Palacios volviera su mirada a la historia y temas vernáculos para comenzar a explorar un nuevo camino, ahora el de unas arquitecturas enraizadas en la tradición y las constantes constructivas y estéticas de Galicia —dólmeneos y mámoas, templos románicos, fachadas barrocas..., la piedra, siempre la piedra—, que pronto verían sucederse nuevos prodigios, desde el Ayuntamiento de O Porriño al templo de la Veracruz de O Carballiño, pasando por la Virgen de la Roca de Baiona o el Templo Votivo de Panxón. Palacios fue así pionero en rescatar temas y tipologías en las que interpretaba con originalidad la esencia de la arquitectura gallega en su evolución histórica, singularmente elementos del esplendoroso arte medieval, para construir una identidad estética concordante con las recuperaciones y reivindicaciones que coetáneamente promovían iniciativas culturales como As Irmandades da Fala.

Una trayectoria que podría resumirse en el punto de partida en Galicia, el éxito y reconocimientos ganados en Madrid, así como el cada vez más deseado retorno a Galicia, es la misma que intentan reflejar los textos reunidos en esta publicación, apoyada en los nuevos documentos y bibliografía sobre Palacios generados en los últimos años. Las iniciativas y repercusiones de quien, más allá de su quehacer como arquitecto, fue una figura clave en el panorama cultural de Galicia en las primeras décadas del siglo xx son abordadas por José Ramón Iglesias Veiga, sin duda el mejor conocedor de toda la producción de intenciones y matices regionalistas, quien en 2019 ha abierto nuevas perspectivas para las relaciones con la arquitectura y referencias vernáculas gracias a dos publicaciones que se han venido a sumar a su amplia lista de investigaciones: *Arquitectura rexionalista galega* y *Antonio Palacios: unha viaxe por Galicia*. Las dos almas de Palacios, la clásica y la barroca, se conjugan en otro análisis preñado de sugerentes interpretaciones, esta vez a cargo de Alfredo Vigo Trasancos, destacando aquellas obras más singulares, los hitos que verdaderamente resumen las variadas fuentes de inspiración, poéticas formales e imaginativas soluciones concebidas por el arquitecto. A continuación, como apertura del bloque de capítulos centrados en las obras madrileñas, Jacobo Armero revisa la huella de los grandes edificios ideados para una capital en efervescencia, el marco idóneo para que el joven y ambicioso Palacios afirmara sus convicciones sobre la implantación y protagonismo urbano de los edificios que debían pre-

gonar los inaplazables avances hacia la modernidad. Esa misma modernidad preside el trabajo más oculto, ahora por fin desvelado, en las obras para talleres industriales y fábricas que integran la novedosa aportación de Álvaro Bonet, encajando los datos y claves que retratan al Palacios más innovador en relación con los avances técnicos, siempre con el telón de fondo de su conocida implicación en el desarrollo del Metro de Madrid. En aparente contrapunto, el interés por la calidad artística en los acabados, con el protagonismo de las piezas cerámicas, un medio artesano y tradicional al servicio de los objetivos de introducir luz, color y reflejos en sus espacios y volúmenes, se abordan en la contribución de Antonio Perla de las Parras, que enlaza la monumentalidad arquitectónica con la pasión por las artes decorativas como otras dos constantes omnipresentes en la obra de Palacios.

Todas estas dimensiones, las que apuntalan la consideración de Antonio Palacios como un arquitecto genial, que supo conciliar vanguardia y tradición como referentes no antitéticos, sino complementarios, según el ejemplo de respeto a unas raíces culturales presente en otros pioneros en la arquitectura moderna del siglo xx —Otto Wagner, Hendrik Berlage, Peter Behrens, Eliel Saarinen, Frank Lloyd Wright, Auguste Perret—, conducen en los textos finales a las últimas reflexiones sobre el interés y legado de su arquitectura. Los parámetros más cosmopolitas reaparecen en el conjunto de edificios proyectados para la villa termal de Mondariz, presididos por un acusado interés e implicación en la promoción de un turismo de calidad, pero sin olvidar el papel de Palacios en las actividades culturales promovidas por el activo Enrique Peinador, tal como se analiza en el capítulo firmado por Yolanda Pérez Sánchez. Profundizan-

do en el origen de las ideas urbanísticas orquestadas para afrontar el plan de ensanche y reforma interior de Vigo, el análisis de Jesús Ángel Sánchez García evidencia el enorme peso de los modelos del urbanismo *Beaux-Arts* triunfantes en los concursos internacionales del fin y cambio de siglo, unidos a ideas procedentes del siglo xix pero de completa vigencia a comienzos del xx, como la zonificación o las pautas de higiene y equilibrio con la naturaleza de la Ciudad-Jardín. Finalmente, este conjunto de nuevas visiones se cierra con un repaso a la fortuna historiográfica de Antonio Palacios, incidiendo en los discursos sobre la expresividad de los materiales, sobre todo la piedra, pero también las lecciones sobre la gran escala o las soluciones tipológicas que dejaron mayor huella en los arquitectos coetáneos y de las décadas posteriores, como expone Santiago Rodríguez Caramés.

Con la capacidad de integrar contradicciones que solo es posible encontrar en otras grandes figuras de la cultura, este retrato coral dibuja la poderosa figura de Antonio Palacios como un inquieto innovador que, cumplido cierto tiempo vital, ya en su madurez, decidió no seguir el camino de las vanguardias más radicales, pero sí dejar un legado que mirara al futuro gracias a unas bases sólidas y fuertemente ancladas en la tradición. Ese legado es la arquitectura que nos habla, que nos conmueve, que busca provocar respuestas en el espectador, cualquier respuesta menos la indiferencia. La obra de un creador versátil e imaginativo que escapa —lo sigue haciendo— a toda etiqueta que queramos asignarle, salvo aquellas con las que se abre este texto: sueños, modernidad, compromiso y, ante todo, Galicia.

Jesús Ángel Sánchez García

Agradecementos

A realización desta exposición contou coa colaboración das seguintes persoas e entidades:

Archivo CEHOPU-CEDEX
Archivo Municipal de Toledo
Archivo de Villa de Madrid. Ayuntamiento de Madrid
Jacobo Armero Chauton
Arquivo da Catedral de Ourense
Arquivo Diocesano de Tui
Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela
Arquivo Municipal da Coruña
Arquivo Municipal de Ourense
Arquivo Municipal de Redondela
Arquivo Parroquial do Carballiño
Arquivo «Stella Maris» do Apostolado do Mar, Nigrán
Biblioteca do Palacio Real de Madrid. Patrimonio Nacional
Biblioteca Provincial. Deputación da Coruña
Biblioteca da Real Academia Galega
Biblioteca Regional de Madrid. Comunidad de Madrid
Biblioteca Xeral. Universidade de Santiago de Compostela
Álvaro Bonet López
Casino de Madrid
Centro Centro. Palacio de Cibeles, Madrid
Centro Galego de Artes da Imaxe
Cidade da Cultura. Biblioteca de Galicia
Círculo de Bellas Artes, Madrid
Círculo Recreativo Cultural do Porriño

Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid
Alberto Cominges Molíns
Concello de Vilagarcía de Arousa
Arturo Conde Aldemira
José Diéguez Dieppa
Fundación Barrié
Fundación Penzol. Biblioteca
Hemeroteca ABC
Hemeroteca Digital. Biblioteca Nacional de España
Hospital La Fuenfría, Comunidad de Madrid
Instituto del Patrimonio Cultural de España. Fototeca
Carlos Lorenzo
Metro de Madrid. Patrimonio Histórico de Metro
Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo de Historia de Madrid
Museo do Pobo Galego
Museo de Pontevedra
Museo Postal y Telegráfico, Madrid
Carlos Paz de Lorenzo
José Luis Pereiro Alonso
César Portela Fernández-Jardón
Iago Seara Morales
Carlos Villanueva Abelairas

Do mesmo xeito, cómpre deixar constancia do agradecemento a todos os autores que realizaron achegas para o catálogo, e especialmente a José Ramón Iglesias Veiga pola súa inspiración, axuda e permanente dispoñibilidade durante o desenvolvemento de todo o proxecto.

EXPOSICIÓN

Comisario

Jesús Ángel Sánchez García

Coordinación

Marta Lucio

Aroa Rodríguez

Vicente Caramés

Diseño / diseño

Uqui Permui

Montaxe / Montaje

Museo do Mar de Galicia

Fotografías

Ricardo Grobas

CATÁLOGO

Edita

Fundación Museo do Mar de Galicia

www.museodomar.xunta.gal

Editor científico

Jesús Ángel Sánchez García

Deseño e maquetación / diseño y maquetación

Uqui Permui

Fotografías

Ricardo Grobas

Traducións / Traducciones

Susana García e Ramiro Combo

Imprenta

Gráficas Anduriña

ISBN: 978-84-09-25134-6

Depósito legal: VG 502-2020

